

1

O futuro dunha poboación que envellece



SITUACIÓN DE APRENDIZAXE

▲ Avoa e neto en Filipinas.

Na actualidade, dúas características definen a tendencia da poboación mundial: a desaceleración do ritmo de crecemento demográfico respecto ao século pasado e o envellecemento das sociedades, que se manifesta nun aumento do conxunto de persoas que teñen 65 ou máis anos de idade.

Este envellecemento empeza a cuestionar o progreso económico e o benestar social que coñecemos. A poboación traballadora, que cos seus impostos financia os gastos sociais do Estado, ten que manter un número crecente de persoas xubiladas, e os gastos sociais destinados a cubrir as necesidades da poboación maior dispáranse.

CONCEPTOS CLAVE: benestar, crecemento, envellecemento.

PUNTO DE PARTIDA

- Que cambios se produciron no tamaño medio das familias españolas? A que cres que se debe?
- Canto se incrementou a participación das mulleres no mercado laboral desde 1960? Pareceche un dato importante?
- A que atribúes o aumento na esperanza de vida?
- Que circunstancias deben darse para falar de benestar social?

CAMBIOS SOCIAIS E ECONÓMICOS



O FOGAR

Tamaño medio dos fogares

Media de nacementos por muller

Poboación menor de 15 anos



14 anos

1960

2020



74 anos

4 persoas



2,5 persoas



3 fillos e fillas



1,2 fillos e fillas



27% do total da poboación española



14,4% do total da poboación española



O TRABALLO

Taxa de actividade feminina

Poboación dependente maior de 64 anos

Taxa de paro

20,1% das mulleres participan no mercado laboral

8 persoas en idade de traballar por persoa maior



46,3% das mulleres participan no mercado laboral

3 persoas en idade de traballar por persoa maior



Pouco máis do 2% da poboación activa



Máis do 16%
O 40% son mozos menores de 25 anos



A POBOACIÓN MAIOR

Poboación de 65 e máis anos

Poboación de 80 e máis anos

Esperanza de vida ao nacer

8,2% do total da poboación española

Menos do 1% da poboación

69,9 anos

19,4% do total da poboación española

6% da poboación

83,6 anos



O GASTO DO ESTADO

En pensións



5,2% do gasto total



42,1% do gasto total

QUE VOU APRENDER?

- Vou coñecer a distribución da poboación mundial e a súa evolución.
- Comprenderei as razóns do envellecemento demográfico.
- Vou analizar os problemas poboacionais da UE e de España.
- Pasarei á acción realizando unha enquisa para coñecer as necesidades das persoas e como valoran a súa calidade de vida.

RETO

3 SAÚDE E BENESTAR



Garantir un mínimo benestar a todas as persoas

Millóns de persoas non teñen acceso a sistemas de saúde e saneamento adecuados que permitan o seu benestar. **Realizar unha enquisa** é un primeiro paso para tomar conciencia diso.

1. Unha repartición desigual da poboación

A distribución da poboación

A poboación mundial supera os 7.800 millóns de habitantes e non se distribúe de xeito uniforme, senón que **tende a concentrarse nunhas rexións**. Nesta desigual repartición inflúen factores físicos e humanos.

PRINCIPAIS FACTORES QUE CONDICIONAN O POBOAMENTO

FÍSICOS


- Un clima **benigno**. Este factor explica que a maioría da poboación viva en zonas de clima temperado.
- A **dispoñibilidade de auga**. Por ser un recurso fundamental para a vida, están moi poboadas as costas e as beiras dos grandes ríos e lagos.
- Un **relevo suave**. Este facilita a práctica da agricultura e as comunicacións.

HUMANOS

- O **dinamismo económico**. Os países e rexións con intensa actividade económica, e as cidades fronte ao campo, atraen moita poboación traballadora.
- As **políticas dos gobernos**. Con elas incentívanse o poboamento dun lugar.
- Os **sitios historicamente poboados**. Estes adoitan seguir séndoo.

Por continentes, Asia acolle o 61% da poboación mundial, uns 4.700 millóns de persoas. (1) Deles, uns 1.440 millóns viven en China e arredor de 1.390 millóns en India, que se espera que exceda a poboación chinesa cara a 2027. Son, con moita diferenza, os países máis poboados do mundo; (2) en 2020, os dous superaban en número de habitantes o conxunto do continente africano, o segundo máis poboado cuns 1.300 millóns de persoas (o 17% do total mundial).

A África séguena América, cuns 1.020 millóns, dos cales 650 viven en países de América Latina; Europa, cuns 750 millóns, e Oceanía, o continente menos poboado, con 43 millóns de persoas.




FONTE: ONU. 2020.

1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN MUNDIAL POR CONTINENTES

APRENDO A MIRAR

- Enumera en orde decrecente os seis países máis poboados do mundo.

2. PAÍSES MÁIS POBOADOS DE CADA CONTINENTE



A densidade de poboación

Se un país ten moitos habitantes, non quere dicir necesariamente que estea densamente poboado. O concepto **densidade de poboación** relaciona o número de habitantes, ou **poboación absoluta**, co tamaño do territorio polo que se distribúe esa poboación. Desta maneira, se moitas persoas viven nun territorio pequeno, a densidade de poboación será elevada; pero, se esa mesma cantidade de persoas se reparte por un territorio moi extenso, a densidade de poboación será baixa.

A densidade de poboación expresa o número de habitantes que ten un determinado territorio por cada quilómetro cadrado de superficie. (3)

$$\text{Densidade de poboación} = \frac{\text{N.º de habitantes}}{\text{Superficie en km}^2}$$

IDEAS CLAVE

- Enumera os factores que condicionan o poboamento e que aspectos inflúen en cada un deles.
- Identifica o continente máis poboado e o menos habitado. Cantos millóns de persoas habitan en cada un? Que porcentaxe da poboación mundial acolle o continente máis poboado?
- Compara. É o mesmo poboación absoluta que densidade de poboación? Explica.

KIT DE FERRAMENTAS


Interpretar o mapa de densidade de poboación do mundo

Para representar a densidade de poboación que teñen os países, utilizouse un **mapa de coropletas**, pois mostra a distribución espacial dunha variable mediante tons de cor. Canto maior é o valor da variable, máis intenso é o ton. Os valores agrúpanse en intervalos, e a cor de cada intervalo aplícase a unha unidade territorial concreta. (3)

3. A DENSIDADE DE POBOACIÓN DOS PAÍSES

É a túa vez

- Explica que representa o mapa. A que unidade territorial se refiren os datos?
- Consulta as estatísticas dun atlas. Os países que están máis densamente poboados son os que teñen un maior número de habitantes?
- Nomea cinco países con baixa densidade de poboación. Comenta a que cres que se debe esta circunstancia.




2. A poboación mundial crece

Indicadores do crecemento demográfico

Para un Estado é fundamental coñecer a súa poboación: como é, se aumenta ou diminúe e a que velocidade o fai; pois esa información permítelle prever as necesidades presentes e futuras. (4) Por iso, a través de organismos especializados, elabora censos, enquisas e outros rexistros de poboación, que se actualizan de maneira continua ou cada certo tempo, e a partir dos cales obtén uns **indicadores demográficos básicos**.

Hai varios indicadores que se utilizan para analizar se a poboación dun territorio aumenta ou diminúe, e, cando se elaboran periodicamente, saber a que ritmo o fai. Os máis importantes son:



4. China é un dos países máis poboados do mundo.

A taxa bruta de natalidade (TBN) e a taxa de fecundidade (TF)

- A natalidade fai referencia aos nacementos. A taxa bruta de natalidade indica o número de **nacementos por cada mil habitantes** que se produciron nun lugar ao longo dun período de tempo, normalmente un ano.
- A taxa de fecundidade está moi ligada á de natalidade, pois alude á capacidade de procrear das mulleres en idade fértil, que se estima entre 15 e 49 anos. Esta taxa indica o **número medio de fillas e fillos por muller** nunha poboación e nun tempo concretos.

TBN

$$\frac{\text{N.º de nados}}{\text{N.º de hab.}} \times 1.000$$

TF

$$\frac{\text{N.º de nacementos}}{\text{N.º de mulleres entre 15 e 49 anos}} \times 1.000$$

A taxa bruta de mortalidade (TBM)

- A mortalidade fai referencia ás defuncións. Así, a taxa bruta de mortalidade indica o número de **persoas falecidas por cada mil habitantes** nun lugar durante un período, que adoita ser un ano.

TBM

$$\frac{\text{N.º de falecidos}}{\text{N.º de hab.}} \times 1.000$$

O saldo vexetativo (SV)

- O saldo vexetativo ou natural é a **diferenza entre os nacementos e as defuncións** que se producen nun lugar e nun tempo dados. Se nacen máis persoas das que morren, a poboación aumenta e, se nacen menos das que morren, diminúe. Pódese expresar en valor absoluto ou por mil habitantes aplicando esta fórmula.

SV por mil hab.

$$\frac{\text{Nados} - \text{falecidos}}{\text{N.º de hab.}} \times 1.000$$

O saldo migratorio (SM) e o crecemento real

- O crecemento dunha poboación tamén depende das persoas que chegan de fóra do territorio para establecerse nel (inmigrantes) e das que van vivir a outro lugar (emigrantes). O saldo migratorio é a **diferenza entre as persoas inmigrantes e as emigrantes**, e adóitase calcular por mil habitantes.
- Se ao saldo vexetativo lle sumamos o saldo migratorio, obtemos o **crecemento real** da poboación dun lugar.

SM

$$\frac{I - E}{\text{N.º de hab.}} \times 1.000$$

Como inflúe a estrutura da poboación

A estrutura ou composición da poboación por idade e sexo incide nas taxas de fecundidade, natalidade e mortalidade dun país, ou de calquera outro territorio, e, por conseguinte, no seu crecemento demográfico.

- Segundo a idade, a poboación clasifícase en tres grandes grupos: **mozos** (de 0 a 14 anos), **adultos** (de 15 a 64 anos) e **maiores** (de 65 anos e máis).
- Segundo o sexo, a poboación organízase en **mulleres** e **homes**.

As sociedades cunha alta porcentaxe de poboación nova e de mulleres adultas en idade fértil experimentarán un crecemento demográfico importante debido ao previsible aumento da natalidade, e ao revés.

Por outro lado, nas sociedades cunha alta porcentaxe de persoas maiores, as súas taxas de mortalidade incrementaranse, e, se non as compensa a natalidade, perderán poboación.

IDEAS CLAVE

- Define natalidade e fecundidade. Que relación hai entre ambos os indicadores?
- Enumera os datos que necesitarías coñecer para determinar o crecemento demográfico dun lugar.
- Explica a evolución da poboación mundial.
- Reflexiona: que cambios científicos, económicos, sociais... inflúen no crecemento demográfico?

Un crecemento continuo, pero a distinto ritmo

Nos últimos séculos a poboación mundial non deixou de crecer, pero o ritmo a que o fixo non foi constante. (5)


5. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN MUNDIAL

Ata o século XIX a poboación mundial creceu **lentamente** como consecuencia dunha natalidade e mortalidade elevadas.

No século XIX o ritmo **acelerouse** ao descender a mortalidade polas melloras en sanidade, hixiene e alimentación. Pasouse de preto de 1.000 millóns en 1800 a 1.600 millóns en 1900.

No século XX produciuse unha **explosión demográfica**. Só nas últimas catro décadas a poboación pasou de 3.000 a 6.000 millóns.

No século XXI a poboación volve crecer a un **ritmo menor**; hoxe, un 1% anual, cando en 1968 se alcanzaba o máximo histórico do 2,1%.



3. Un crecemento demográfico a dúas velocidades

O nivel de desenvolvemento determina o crecemento

O ritmo de crecemento demográfico global minorouse debido ao retroceso da fecundidade en practicamente todos os países. Se en 1960 a taxa media de fecundidade no mundo era de 5 nacementos por muller, en 1990 caeu ata os 3,2 nacementos, e ata os 2,4 en 2020.


Non obstante, existen notables diferenzas entre rexións, fundamentalmente en función do nivel de desenvolvemento económico e social. (8)

Nos países máis desenvolvidos

GRÁFICA DE LA TRANSICIÓN DEMOGRÁFICA

Estes países realizaron a **transición demográfica** dunhas taxas de natalidade e mortalidade altas a outras baixas no século pasado; (6) por iso, hoxe presentan un crecemento débil, **arredor do 0,2 % anual**. O motivo principal é a caída da fecundidade, ata 1,6 nacementos por muller, que se explica por:

- A masiva incorporación da muller ao mercado laboral e a dificultade para compatibilizar o traballo co coidado dos menores.
- A prolongación dos estudos e os problemas para conseguir un emprego estable e ben remunerado, que atrasan a idade de formar unha familia e de ter o primeiro fillo ou filla.
- O acceso a métodos anticonceptivos eficaces.
- A inseguridade económica e o alto custo que supón a crianza dos fillos e das fillas.
- Os novos valores sociais. Para a maioría da mocidade xa non é unha prioridade ter descendencia pronto, e moito menos que sexa numerosa.



6. MODELO DE TRANSICIÓN DEMOGRÁFICA NOS PAÍSES DESARROLLADOS

Os países en desenvolvemento, onde desde hai anos os gobernos aplican políticas antinatais, rexistran crecementos semellantes.


Nos países menos desenvolvidos

Estes países están en plena fase de **transición demográfica**, que se iniciou máis tarde, e incluso nos máis desfavorecidos apenas comezou. Por iso, **contan hoxe cunha numerosa poboación menor de 35 anos** que explica o maior crecemento demográfico, entre o 1,3 % e o 2,3 % nos países menos adelantados. Ademais, a súa taxa de fecundidade é máis alta, entre o 2,5 e o 3,8 nos países de menor ingreso. Os motivos son:

- A maioría da poboación vive da agricultura familiar, e a axuda dos menores no campo é necesaria.
- A mortalidade, sobre todo infantil, é moito maior pola falta de atención sanitaria e de medicamentos. Así, as mulleres teñen máis bebés porque pensan que algúns morrerán nos primeiros anos de vida. (7)
- A falta de formación e o peso das relixións que rexeitan o uso de métodos anticonceptivos.



7. En Malí, as mulleres teñen de media seis fillos.



8. O CRECEMENTO DA POBOACIÓN MUNDIAL

Canto crecería a poboación en 2050?


Nacións Unidas prevé que en 2050 se superen no mundo os **9.700 millóns** de habitantes. Alcanzarse esta cifra porque, aínda que o incremento anual non sexa alto, a poboación actual é moi numerosa.

Esta suba de 2.000 millóns **concentrarase nunhas poucas rexións e países de ingreso baixo ou medio**. Estímase que só nove países serán responsables de máis da metade do crecemento demográfico previsto para 2050, sete deles situados en Asia meridional e na África subsahariana, a rexión máis pobre do mundo e que nesa data verá duplicada a súa poboación actual. (9) Este aumento poboacional supoñerá un reto para a maioría deses países, caracterizados pola súa fragilidade política, económica e social.

Por outro lado, entre 2010 e 2020 a poboación de 27 países reduciuse un 1 % ou máis. Nacións Unidas prognostica que en 2050 serán 55 países, e en 26 deles a perda será de polo menos o 10 %. A maioría destes países localizaranse en Europa, a rexión que rexistra desde hai anos un menor crecemento demográfico. A inmigración será fundamental para que a súa taxa de fecundidade alcance os 2,1 nacementos por muller, que é o valor que fai posible o relevo xeracional.

IDEAS CLAVE

- Define relevo xeracional.
- Explica os contrastes no crecemento demográfico dos países máis e menos desenvolvidos. Que factores foron determinantes?



9. CRECEMENTO PREVISTO POR REXIÓNS

APRENDO A MIRAR

- Cita que rexións do mundo crecen máis e menos. Que países destacan en cada caso?
- Valora que cambios se prevén neses rexións para 2075.

Elaborar e interpretar unha pirámide de poboación

A pirámide de poboación é un gráfico de barras que representa a estrutura dunha poboación por grupos de idades e por sexos nun momento determinado.

Así se fai

Para construír a pirámide de poboación dun territorio debes seguir estes pasos:

- Organiza os seus habitantes por grupos de idades e sexos e calcula que porcentaxe sobre o total da poboación representa cada un deles, aínda que tamén poderías utilizar valores absolutos.
- No eixe vertical anota os grupos de idades en intervalos de cinco anos, menos o último, que se adoita deixar aberto (85 e máis). Cada grupo de idade é o que se chama unha cohorte.

- No eixe horizontal, dividido en dous, marca os valores de poboación, é dicir, as porcentaxes ou a poboación absoluta. Neste último caso só se rotulan algúns deles, a intervalos iguais, para facilitar a lectura.
- Para finalizar, representa na metade dereita da pirámide os valores correspondentes á poboación feminina mediante barras, das que a lonxitude indica a cantidade de mulleres dese grupo de idade.
- Na metade esquerda, representa de igual xeito os valores da poboación masculina.

Exemplo resolto


PORCENTAXE DE POBOACIÓN POR GRUPOS DE IDADES

Grupos	0-4	5-9	10-14	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45-49	50-54	55-59	60-64	65-69	70-74	75-79	80-84	85 e +
Homes	1,9	2,2	2,3	2,3	2,4	2,5	2,7	3,1	3,4	4,0	3,5	3,1	3,0	3,2	3,4	2,5	1,7	1,5
Mulleres	1,8	2,1	2,1	2,2	2,3	2,4	2,6	3,0	3,3	3,9	3,4	3,1	3,0	3,4	3,8	3,1	2,5	3,3

Indica o lugar e o ano dos datos.

A lonxitude de cada barra verde mostra a cantidade de homes dun grupo de idade sobre o total da poboación.

As amosegas ou saíntes moi visibles reflicten algún acontecemento que repercutiu na poboación. Por exemplo, unha guerra, unha epidemia, un boom de natalidade...






A lonxitude de cada barra laranxa mostra a cantidade de mulleres dun grupo de idade sobre o total da poboación.

COMUNICACIÓN

- Reflectiranse na pirámide os efectos da pandemia provocada pola COVID-19? Explicallo á túa parella.

As pirâmides de poboación presentan formas moi distintas. En función da súa forma podemos deducir se se trata dunha poboación progresiva, é dicir, que crece; se está estancada, ou se é regresiva, é dicir, se retrocede gradualmente.



Así se fai

Para interpretar unha pirâmide de poboación, recomendámosche seguir estes pasos:

- Fíxate na **forma** e deduce o tipo de pirâmide a que corresponde: progresiva, estancada ou regresiva.
- Comenta as **diferenzas entre sexos**: se hai máis mulleres ou homes en certos intervalos de idades.
- Estuda a poboación por tramos de idade. Analiza as amosegas e os saíntes máis significativos, e investiga sobre as causas.
- Extrae conclusións sobre o **nivel de desenvolvemento** do país a que corresponde e explica a previsible evolución da súa poboación.



É a túa vez

- **Elabora** en Excel ou á man, nunha folla cuadriculada, a pirâmide de poboación de China a partir destes datos:

Grupos	0-4	5-9	10-14	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45-49	50-54	55-59	60-64	65-69	70-74	75-79	80-84	85 e +
Homes	3,1	3,2	3,2	3,1	3,2	3,6	4,6	3,6	3,4	4,3	4,3	3,5	2,7	2,5	1,5	0,9	0,5	0,3
Mulleres	2,7	2,8	2,7	2,7	2,8	3,2	4,3	3,4	3,3	4,1	4,2	3,4	2,7	2,6	1,6	1,0	0,6	0,4

- A continuación, interpreta a pirâmide de poboación que realizaches seguindo os pasos indicados arriba.
- **Compara** a pirâmide de poboación coa de Xapón da páxina anterior. En que se parecen e en que se diferencian? Que país terá un crecemento demográfico menor nos próximos anos? Por que?

4. As sociedades envellecen

Cando se fala de envellecemento demográfico?

Unha sociedade envellece cando nela a **proporción de poboación maior aumenta** fronte á de poboación nova e, tamén, respecto ao total dos seus habitantes. Esta tendencia, sostida no tempo, **modifica a estrutura social** por idades, de xeito que a clásica pirámide de poboación **evoluciona cara a unha forma de pirámide invertida**.

O envellecemento demográfico é o resultado dun descenso acusado da natalidade e dun aumento da esperanza de vida ao nacer.

O aumento da esperanza de vida

A mediados do século pasado, a esperanza media de vida a nivel mundial era de 46 anos. Hoxe, grazas a unha mellor alimentación, a unha maior calidade de vida e aos avances médicos, **sitúase en 73 anos**, e prevese que para 2050 sexa de 77 anos, e de máis de 80 en polo menos 91 países.


As diferenzas entre as rexións máis e menos desenvolvidas, aínda que son notables, vanse reducindo. En 1960, a esperanza media de vida dos países de ingreso baixo apenas rozaba os 40 anos, mentres que nos países de ingreso alto superaba os 68 anos. Na actualidade, a esperanza de vida destes grupos de países é de 63,5 e 80,6 anos, respectivamente, o que significa que a fenda entre eles pasou de 29 a 17 anos en seis décadas.

A crecente lonxevidade nos países menos desenvolvidos foi posible, principalmente, porque máis persoas accederon á atención sanitaria, á auga potable e ao saneamento, ao que contribuíu a axuda internacional. Non obstante, millóns de persoas **seguen sen estes servizos esenciais**.

Cal será a situación en 2050?

A ONU estima que en 2050 **un de cada seis habitantes do mundo terá 65 ou máis anos** (en 2019 eran un de cada once) e, nos países de ingreso alto, un de cada catro. Ademais, triplicarase a poboación maior de 80 anos.

Así, as persoas maiores serán o 16 % do total mundial, e unha trintena de países superarán (algúns amplamente) o 28 % que na actualidade rexistra Xapón, o país máis envellecido. A maioría vivirá nos países que hoxe son de ingreso medio, pois concentran case as tres cuartas partes da poboación mundial e envellecen a un ritmo superior ao dos países de ingreso alto e baixo. **(10)**



10. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN MAIOR POR REXIÓNS

EXPLORA



11. Propaganda da política chinesa do «fillo único»


Poden os Estados influír na demografía?

Nos países desenvolvidos con sociedades envellecidas, os gobernos adoitan tomar medidas para fomentar a natalidade como, por exemplo, vantaxes fiscais para as familias numerosas, redución da xornada laboral para atender os menores ou bonificacións por nacemento.

En cambio, nos países en desenvolvemento moi poboados e de ingreso medio ou baixo aplícanse medidas antinatais, desde campañas de planificación familiar a penalizacións severas. **(11)**

A túa investigación

- Busca información sobre a política antinatal chinesa en vigor entre 1979 e 2015. Que a motivou? Que consecuencias tivo? Que opinión che merece?



12. TAXA DE DEPENDENCIA DA POBOACIÓN MAIOR POR PAÍSES

A carga económica do envellecemento

O envellecemento demográfico actual preocupa porque aumenta a presión económica sobre os Estados e a súa poboación traballadora, e pon en cuestión a garantía dun benestar mínimo para todas as persoas maiores no futuro. Isto é así por estes motivos:

- **A taxa de dependencia da poboación maior incrementase.** Esta taxa expresa a relación entre a poboación de 65 e máis anos, que en xeral xa se xubilou, e a que potencialmente traballa (entre 16 e 64 anos). (12)

Nunha sociedade que envellece, cada traballadora e traballador ten que manter cos impostos que paga ao Estado unha porcentaxe crecente de poboación maior.

- **O Estado ve reducir os seus ingresos procedentes da poboación traballadora** e que contribúen a custear as pensións e outros gastos sociais. Ao mesmo tempo, o Estado ten que facer fronte ao **pagamento de máis pensións**, ao **aumento do gasto en saúde** e á **demand crecente de centros asistenciais para maiores**.

Neste contexto, moitos gobernos optan por **aumentar os impostos e atrasar a idade de xubilación**.

- **O envellecemento demográfico pode provocar unha desaceleración do crecemento económico**, pois as persoas maiores adoitan ter menos ingresos que cando traballaban e tamén tenden a ser máis aforradoras. Se o aforro é excesivo, o consumo redúcese e daquela fréase o crecemento económico.

APRENDO A MIRAR

- Consulta nun atlas o mapa de España de poboación maior. Cales son as provincias máis e menos envellecidas?
- Interpreta o mapa. Que rexións teñen hoxe unha maior taxa de dependencia? Que significa?

IDEAS CLAVE



- **Enumera os factores que explican o envellecemento demográfico e o aumento da esperanza de vida ao nacer.**
- **Identifica os países ou as rexións con máis poboación maior na actualidade. Serán os mesmos en 2050? Por que?**
- **Explica as consecuencias económicas dunha poboación que está envellecida.**

5. Migracións na busca do benestar

A que chamamos migracións?

As migracións ou movementos migratorios son os desprazamentos que realiza a poboación desde un lugar de orixe a outro de destino por motivos non de ocio e que supoñen un cambio de residencia. (13) Estes movementos existen desde sempre, pero **hoxe son máis intensos** porque, debido á mellora e ao abaratamento dos transportes e ás tecnoloxías da información e da comunicación, temos un maior coñecemento sobre outros lugares e dispoñemos de medios que nos facilitan o desprazamento.

A **gran maioría** dos movementos migratorios **prodúcense dentro do país natal**, a pesar de que nos últimos anos aumentaron as migracións a outros países, sobre todo da mesma rexión xeográfica, aínda que tamén cara a países de ingreso alto máis afastados, en que a inmigración contribúe decisivamente a mitigar o retroceso das súas poboacións.

En 2020, uns **281 millóns de persoas** (o 3,6 % da poboación mundial) vivían **nun país estranxeiro**, dous terzos deles en apenas 20 países. Ademais, uns 700 millóns facíano noutro territorio distinto ao do seu nacemento, pero dentro do seu país.

Causas e efectos das migracións

Os desprazamentos da poboación responden a diferentes motivos, non afectan por igual todos os territorios, (14) e teñen efectos positivos e negativos tanto nos países de orixe coma nos de destino.




13. CLASIFICACIÓN DOS MOVEMENTOS MIGRATORIOS

MOTIVOS POLOS QUE EMIGRAN AS PERSOAS

- **Económicos.** As causas máis comúns son a falta de traballo ou as malas condicións laborais ou salariais no lugar de orixe.
- **Sociais e familiares.** Por exemplo, gozar dunha mellor sanidade, educación... Tamén pode responder ao «efecto chamada» de familiares que emigraron con anterioridade.
- **Políticos e relixiosos.** Moitas persoas vense forzadas a deixar o seu país por guerras ou persecucións ideolóxicas, relixiosas ou étnicas. Este é o caso das persoas refuxiadas.
- **Catástrofes naturais.** Terremotos, inundacións, secas prolongadas... motivan a marcha das persoas afectadas que o perderon todo.

EFFECTOS DAS MIGRACIÓNS NOS PAÍSES

- **Demográficos.** Como principalmente emigran persoas mozas e adultas, as zonas de saída envellecen, mentres que as de chegada rexuvenecen.
- **Económicos.** Nos países emisores, o desemprego baixa e entran remesas de diñeiro dos emigrantes. Nos países receptores, a nova man de obra contribúe cos seus impostos a financiar os gastos sociais, pero pode aumentar o paro, e, se a inmigración é masiva, cumprirá reforzar os servizos sociais, as infraestruturas urbanas...
- **Culturais e sociais.** A multiculturalidade enriquece, pero moitos inmigrantes teñen dificultades para integrarse no país de destino e poden sufrir condutas racistas e xenófobas.



14. AS MIGRACIÓNS INTERNACIONAIS: POBOACIÓN ESTRANXEIRA POR PAÍS

IDEAS CLAVE

- Define movement migratorio.
- Enumera os principais motivos polos que emigran as persoas e a onde.
- Explica as consecuencias positivas e negativas que pode ter unha inmigración masiva en España.
- Clasifica. Se decidises estudar o curso que vén en Canadá, sería unha migración?, de que tipo?

EXPLORA

As migracións climáticas

Na actualidade prodúcense desprazamentos de persoas por motivos relacionados directa ou indirectamente con fenómenos meteorolóxicos extremos asociados co cambio climático: secas, furacáns, inundacións...


En 2020, os desastres naturais obrigaron uns 30 millóns de persoas a abandonar os seus fogares e a establecerse noutras zonas do país que estaban menos ou nada afectadas. (15)

O Banco Mundial advirte que, en 2050, nas rexións de África subsahariana, do sueste asiático e América Latina haberá un total de 140 millóns de migrantes internos debido aos efectos do cambio climático.



A túa investigación

- Consulta o informe «Desprazamentos e migracións climáticas: un reto que debemos afrontar», elaborado pola PDMC. Existe risco de migracións climáticas en España? Por que?



15. CAUSAS DAS MIGRACIÓNS CLIMÁTICAS

FONTE: IDMC, 2020.

6. Os fluxos migratorios actuais

Diferenzas continentais e rexionais

Os fluxos migratorios fan referencia ás entradas e saídas de poboación nun territorio e nun tempo concretos. Como a principal razón das migracións é o traballo, os fluxos están **determinados pola situación económica** dos territorios, aínda que tamén inflúen outros factores, como a proximidade xeográfica, a cultura (lingua, relixión...) ou a familia. Os fluxos migratorios son distintos en cada continente e rexión.

IDEAS CLAVE

- Define fluxos migratorios.
- Enumera as rexións fundamentalmente emisoras de emigrantes e as rexións que son maiormente receptoras.

Europa

- En 2020, dos 86,7 millóns de migrantes internacionais en Europa, algo máis da metade procedían doutro país europeo. Os maiores fluxos migratorios intraeuropeos teñen a súa orixe en países de Europa oriental (Federación de Rusia, Ucraína, Polonia...).
- En canto aos fluxos intercontinentais, a chegada de inmigrantes a Europa non deixou de aumentar desde 1990 (39 millóns en 2019); veñen sobre todo de Asia e do norte de África. Alemaña, Rusia, Reino Unido e Francia son os países que acollen un maior número. Respecto aos emigrantes europeos (uns 19 millóns en 2019), establécense principalmente en Estados Unidos, Canadá e países asiáticos.



América

Estados Unidos e Canadá son destacados receptores dos fluxos migratorios mundiais, en particular o primeiro. En 2020, acolleron preto de 59 millóns de inmigrantes: entre eles, 26,6 millóns de América Latina, rexión de emigrantes, e en particular de México (o maior emisor mundial por detrás de India); 17,4 millóns eran asiáticos, e 7 millóns, europeos.



África

As migracións internacionais son moi importantes, tanto dentro do continente (21 millóns de persoas vivían noutro país africano en 2019) coma cara a outros continentes (19 millóns). Emigran máis os habitantes de África setentrional (Exipto, Marrocos...). Dentro do continente, o principal destino é Suráfrica e, fóra del, os países europeos, por proximidade xeográfica e vínculos históricos. En 2019, había 10,6 millóns de africanos vivindo en Europa.



Oceanía

Australia e Nova Zelandia son os principais destinos. Acollen tanto poboación do continente, que emigra por traballo, estudos ou desastres naturais, coma de fóra del: uns 7,7 millóns, dos cales o 49 % son asiáticos (veñen sobre todo de China e de India) e o 38 %, europeos (sobre todo, de Reino Unido e Alemaña). Os inmigrantes asiáticos aumentan fronte aos de países de orixe tradicionais europeos e oceánicos.

Asia

É un continente fundamentalmente emisor de emigrantes; del proceden máis do 40 % dos migrantes internacionais do mundo. Os maiores emisores son India e China.

- Máis da metade dos emigrantes elixen como destino outro país do continente con maiores ingresos e oportunidades de emprego, aínda que tamén son numerosos os que migran de zonas de conflitos violentos, como Siria. Entre os destinos, destacan os Estados árabes de Asia suroccidental, como Arabia Saudita ou os Emiratos Árabes Unidos.
- Fóra do continente, o principal destino é Europa, que en 2019 acolleu o 50 % dos emigrantes asiáticos. Canadá e Estados Unidos recibiron o 38 %.

Analizar un mapa de fluxos migratorios mundiais

Un mapa de fluxos representa un aspecto xeográfico en movemento, como os desprazamentos da poboación. Normalmente, utilízanse frechas que unen os puntos de orixe e destino e que nos indican en que dirección se produce o fluxo ou movemento.

Nalgúns mapas de fluxos, as frechas teñen diferente anchura, e esta é proporcional ao valor que representan. Así, ademais de indicarnos o sentido do movemento, podemos saber que fluxos son máis importantes. (16)

Así se fai


Presta moita atención a estes aspectos:

- A lenda. Localiza as cores e os símbolos no mapa e explica o seu significado.
- O sentido e o grosor das frechas. Identifica os lugares de orixe e de destino dos fluxos migratorios, así como a importancia relativa de cada un deles.

É a túa vez

- Compara. Entre que países son máis importantes os fluxos migratorios? E entre que rexións son maiores?
- Cita tres países cun elevado número de persoas inmigrantes e outros tres cun elevado número de emigrantes.
- De onde proveñen principalmente os inmigrantes de Estados Unidos? Que factores poden explicar ese fluxo migratorio?
- Prodúcese intensos movementos migratorios entre zonas dun mesmo país? Explica a que obedecen.
- Expón que conclusións extraes tras realizar a análise do mapa.

16. MAIORES FLUXOS ENTRE DOUS PAÍSES OU REXIÓNS



7. Así é a poboación da Unión Europea

A evolución da poboación

Europa foi sempre un dos continentes máis poboados. No século XIX e ata o ano 1970 experimentou un **forte crecemento demográfico**, excepto algúns períodos de retroceso, como a epidemia de gripe de 1918 e as dúas guerras mundiais, que causaron unha gran mortaldade.

No último terzo do século XX, o ritmo de crecemento **fíxose máis lento e, hoxe en día, está estancado**. Entre 2005 e 2020, de media, o crecemento real da poboación da UE foi de 900.000 persoas ao ano, mentres que na década de 1960 o aumento era de 3 millóns anuais.

En 2020, a poboación alcanzou os **448 millóns de persoas**, que se reparten de xeito moi desigual polo territorio. O país máis poboado é Alemaña, seguido de Francia, Italia e España. (18) As densidades de poboación máis altas rexístranse en Malta, Bélxica e Países Baixos, que contrastan cos baixos valores dos Estados situados máis ao norte, como Suecia e Estonia. (17)

Desde 2012, o **saldo natural ou vexetativo** do conxunto da UE é **negativo** porque morren máis persoas das que nacen. Só o **saldo migratorio positivo** permite o **crecemento demográfico** da rexión. (20) Non obstante, 10 países perderon poboación en 2020.


O envellecemento demográfico

Na UE, o **20 % da poboación ten 65 anos ou máis**, mentres que a poboación menor de 15 anos se aproxima ao 15 %. (19) Estas cifras explican que a **idade media** da poboación supere os 43 anos, e os 46 en Italia, o país máis envellecido.


Este envellecemento demográfico obedece a:

- Unhas **baixas taxas de natalidade** (9,3‰) e de **fecundidade** (1,5 nacementos por muller).
- Unha **elevada esperanza de vida**: 81 anos de media, maior nas mulleres (83,5) ca nos homes (78,3).


O envellecemento farase máis acusado nos próximos anos se a taxa de fecundidade se mantén, ao entrar a formar parte do grupo de maiores a numerosa poboación nacida entre 1960 e 1975, que é coñecida como xeración do *baby boom*. Esta situación vai exercer unha maior presión sobre a poboación traballadora e sobre os sistemas sanitarios e de protección social dos países.



17. DENSIDADE DE POBOACIÓN POR PAÍSES



18. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN COMUNITARIA



19. EVOLUCIÓN DA ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA

7. Así é a poboación da Unión Europea

A evolución da poboación

Europa foi sempre un dos continentes máis poboados. No século XIX e ata o ano 1970 experimentou un **forte crecemento demográfico**, excepto algúns períodos de retroceso, como a epidemia de gripe de 1918 e as dúas guerras mundiais, que causaron unha gran mortaldade.

No **último terzo do século XX**, o ritmo de crecemento **fixose máis lento e, hoxe en día, está estancado**. Entre 2005 e 2020, de media, o crecemento real da poboación da UE foi de 900.000 persoas ao ano, mentres que na década de 1960 o aumento era de 3 millóns anuais.

En 2020, a poboación alcanzou os **448 millóns de persoas**, que se reparten de xeito moi desigual polo territorio. O país máis poboado é Alemaña, seguido de Francia, Italia e España. (18) As densidades de poboación máis altas rexístranse en Malta, Bélxica e Países Baixos, que contrastan cos baixos valores dos Estados situados máis ao norte, como Suecia e Estonia. (17)

Desde 2012, o **saldo natural ou vexetativo** do conxunto da UE é **negativo** porque morren máis persoas das que nacen. Só o **saldo migratorio positivo** permite o **crecemento demográfico** da rexión. (20) Non obstante, 10 países perderon poboación en 2020.


O envellecemento demográfico

Na UE, o **20 % da poboación ten 65 anos ou máis**, mentres que a poboación menor de 15 anos se aproxima ao 15 %. (19) Estas cifras explican que a **idade media** da poboación supere os 43 anos, e os 46 en Italia, o país máis envellecido.


Este envellecemento demográfico obedece a:

- Unhas **baixas taxas de natalidade** (9,3‰) e de **fecundidade** (1,5 nacementos por muller).
- Unha **elevada esperanza de vida**: 81 anos de media, maior nas mulleres (83,5) ca nos homes (78,3).


O envellecemento farase máis acusado nos próximos anos se a taxa de fecundidade se mantén, ao entrar a formar parte do grupo de maiores a numerosa poboación nacida entre 1960 e 1975, que é coñecida como xeración do *baby boom*. Esta situación vai exercer unha maior presión sobre a poboación traballadora e sobre os sistemas sanitarios e de protección social dos países.




17. DENSIDADE DE POBOACIÓN POR PAÍSES



18. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN COMUNITARIA



19. EVOLUCIÓN DA ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA



20. EVOLUCIÓN DO SALDO VEXETATIVO E DO SALDO MIGRATORIO DA UE

Os movementos migratorios

Nas migracións podemos diferenciar varias etapas:

- No século XIX, a industrialización provocou un **éxodo rural masivo** ás cidades que albergaban as fábricas. Tamén neste século, e durante o primeiro terzo do seguinte, **50 millóns** de persoas emigraron fóra do continente, principalmente a Estados Unidos.
- Nas décadas de 1950 e 1960 producíronse importantes migracións dentro do territorio da UE, desde os países menos desenvolvidos do sur (España, entre eles) aos de maior dinamismo económico: Francia, Bélxica, Países Baixos, Alemaña e Austria. A crise económica mundial de 1973 freou estes desprazamentos e moitos emigrantes retornaron aos seus lugares de orixe.
- No século actual, a crise iniciada en 2007 obrigou a moitos traballadores e traballadoras dos países máis afectados a **emigrar na procura de emprego**. Non obstante, o saldo migratorio sempre se mantivo positivo pola intensa inmigración extracomunitaria. (20)

En 2019, nos países comunitarios residían 21,8 millóns de persoas de fóra da UE (o 5% da poboación total) e 13,3 millóns procedentes doutro Estado membro. O país que acolle un maior número de poboación estranxeira é Alemaña, con 11,4 millóns en 2020. Séguena Italia, Francia e España, con algo máis de 5 millóns cada un.

APRENDO A MIRAR

- Identifica os países da UE con maior e menor densidade de poboación. Coinciden cos países máis e menos poboados?
- Interpreta a pirámide de poboación. Como cambiou a estrutura demográfica na UE? Como evolucionará nos próximos anos?
- Describe a evolución dos saldos vexetativo e migratorio da UE. Que efectos teñen os saldos actuais na poboación?

IDEAS CLAVE

- Define *baby boom*.
- Identifica os datos do texto que indiquen que a poboación da UE presenta un envellecemento importante.
- Explica os movementos migratorios na UE. É hoxe unha rexión maiormente de emigración ou de inmigración? Foi sempre así?

8. Os problemas demográficos de España

Un saldo natural negativo

A principios de 2021, España tiña unha poboación de 47,3 millóns de habitantes; deles, o 88,6 % (41,9 millóns) eran de nacionalidade española, e o 11,4 % (5,4 millóns), estranxeira. O crecemento demográfico é débil porque o saldo natural é negativo. (21)

- Na última década, os nacementos descenderon máis dun 30 %, situándose a taxa de natalidade de 2020 no 7,2 ‰, catro décimas menos ca o ano anterior. Esta taxa responde a unha baixa fecundidade: 1,18 nacementos por muller, o valor máis baixo desde que comezara o século e que impide a substitución xeracional. Tamén obedece a que cada vez hai menos mulleres en idade fértil e a que se atrasa a idade de maternidade (32,3 anos en 2020).
- A taxa de mortalidade (10,4 ‰) é superior á de natalidade, o que implica un **saldo vexetativo negativo** para o conxunto de España, de -153.167 persoas en 2020. É o saldo máis negativo desde que existen datos (1941) e obedece á pandemia da COVID-19, que supuxo un incremento do 17,7 % das mortes respecto ao ano 2019. (21) Unicamente a Rexión de Murcia, Illas Baleares, Melilla e Ceuta rexistraron un crecemento natural positivo.

Nos próximos anos espérase que os nacementos continúen diminuíndo se se manteñen a fecundidade e a inmigración actuais. A mortalidade irá en ascenso, debido ao aumento de poboación maior, superando a cifra de nacementos, polo que o saldo vexetativo seguirá sendo negativo.


A poboación crece pola inmigración

Tradicionalmente, España foi un país de emigrantes, pero desde finais do século XX é, sobre todo, **receptor de inmigrantes**. O importante crecemento económico e o aumento do nivel de vida explícano. (22)

Entre os anos 2010 e 2016, a crise económica freou a inmigración e provocou que moitos inmigrantes regresaran aos seus países de orixe. Nese período, a poboación estranxeira reduciuse en máis dun millón. Polo mesmo motivo **augmentou a emigración** de españolas e de españois (sobre todo, mozos cualificados) na procura de traballo. Como resultado, o **saldo migratorio** foi negativo, pero desde 2017 **volve ser positivo** (+216.244 persoas en 2020).


A chegada de inmigrantes **palía o estancamento da poboación** nacida en España, que desde 2012 se mantén arredor dos 42 millóns. Ademais, preto do 30 % da poboación estranxeira ten unha idade de entre 16 e 44 anos e, en xeral, unha mentalidade pronatalista. Isto explica que a **taxa de natalidade da poboación estranxeira** residente en España sexa máis do dobre ca a española (14,2 ‰, fronte ao 6,3 ‰ en 2020) e que case un de cada catro nacementos en 2020 fora de nai estranxeira.

Non obstante, tamén está descendendo a fecundidade entre as nais estranxeiras e aumentando a idade a que teñen o seu primeiro fillo.



FONTE: INE. 2021.

21. EVOLUCIÓN DO SALDO VEXETATIVO E DO SALDO MIGRATORIO EN ESPAÑA



FONTE: INE. 2021.

22. PROCEDENCIA DA POBOACIÓN ESTRANXEIRA RESIDENTE EN ESPAÑA

APRENDO A MIRAR

- Explica a evolución dos saldos vexetativo e migratorio en España.
- De onde procede a maior parte da poboación estranxeira?
- Comenta a evolución prevista da estrutura demográfica.
- Que rexións de España sofren un maior despoboamento?

A sociedade envellece rápido

España é un dos países do mundo con maior **esperanza de vida ao nacer**: 83 anos, algo superior nas mulleres (86 anos fronte aos 81 dos homes). Se ao feito de que a poboación vive cada vez máis anos se suman as baixas taxas de natalidade das últimas décadas, estamos ante unha sociedade envellecida e que, previsiblemente, o será cada vez máis.

España envellece a un ritmo rápido. En 2020, as persoas **maiores** representaban o **19,6 % da poboación total**, fronte ao 15,4 % dos menores de 16 anos. É dicir, case un habitante de cada cinco tiña 65 anos ou máis, cando hai catro décadas era un de cada dez. Para o ano 2050, prevese que unha persoa de cada tres alcance ou supere os 65 anos. (23)


Así, a **idade media** da poboación española é progresivamente máis alta. Na actualidade supera os **44 anos**. A comunidade autónoma máis envellecida é o Principado de Asturias, cunha idade media de 48,3 anos, seguida de Castela e León (47,5 anos) e Galicia (47,2 anos).

A «España baleira», a máis afectada


A poboación española distribúese de forma moi desigual. A densidade media é de **93 hab./km²**, pero hai grandes diferenzas entre os territorios.

Desde mediados do século XX, **gran parte do interior peninsular**, sobre todo as **zonas rurais**, foron «baleirándose». A poboación emigrou cara a lugares economicamente máis dinámicos, como Madrid, Barcelona, País Vasco e a costa oriental mediterránea. Nas provincias de Soria, Cuenca, Ávila e Teruel fíxoo máis da metade das persoas que naceron nelas. Esta perda de habitantes continúa nas zonas que forman parte do que xa se coñece como a «España baleira» e que son tamén as máis envellecidas, pois principalmente emigra a poboación nova e adulta.

Como resultado deses movementos migratorios, a **Comunidade de Madrid**, con 833 hab./km², e as **zonas de litoral**, incluíndo os arquipélagos balear e canario, Ceuta e Melilla, **están densamente poboadas**, mentres que as comunidades autónomas de Castela e León, Castela-A Mancha, Extremadura e Aragón presentan unhas densidades moi baixas, inferiores a 30 hab./km². (24)



23. EVOLUCIÓN DA PIRÁMIDE DE POBOACIÓN ESPAÑOLA



24. A «ESPAÑA BALEIRA»

IDEAS CLAVE

- Identifica os problemas da poboación de España.
- Explica como incide a inmigración estranxeira na dinámica demográfica española.
- Describe a distribución da poboación no territorio.



9. A poboación de Galicia

A evolución da poboación

No ano 2021 Galicia contaba con **2.695.645 habitantes**; é a quinta comunidade autónoma máis poboada e a súa poboación supón o 5,6 % do total da poboación española. (25)

Ao longo do século XX, a poboación galega tivo un crecemento baixo debido á emigración e, nas últimas décadas, tamén ao baixo número de nacementos. A principios do século XXI deuse un lixeiro incremento demográfico pero cunhas taxas de crecemento moito menores ca as do conxunto da poboación española. Desde 2010 a poboación volve descender.

O movemento natural da poboación

Desde hai tres décadas a poboación soporta un **saldo vexetativo negativo**. En 2021 a **taxa de natalidade** estaba en 5,49 ‰, moi inferior á media nacional (7,10 ‰). A **taxa de mortalidade** era moi alta (12,21 ‰), moi por riba da media nacional (9,49 ‰), como consecuencia o saldo vexetativo é negativo (-18.057). Como esta cifra non se compensa coa chegada de inmigrantes, Galicia **perde poboación ano tras ano**.

Igual ca noutras comunidades de España, a **poboación está envellecida**. Isto débese á baixa taxa de natalidade, ao baixo índice de fecundidade (1,01 fillos por muller) e a unha elevada esperanza de vida (80,46 anos para os homes e 86,32 para as mulleres). Os menores de 15 anos representan o 11,52 %, e os maiores de 65, o 25,7 %. A idade media da poboación é de 47,2 anos. Isto mostra un dos índices de envellecemento máis altos de Europa. (26)

As migracións en Galicia

Os movementos migratorios foron constantes en Galicia desde mediados do século XIX.

- Desde finais do século XIX ata mediados do XX, grazas á mellora dos medios de transporte, moitos galegos emigraron, principalmente a América (Arxentina, Cuba, México, Venezuela, Estados Unidos...).
- Na segunda metade do século XX os principais destinos foron cidades españolas e europeas industriais. Na actualidade, moita xente nova segue emigrando na procura dun mellor nivel de vida.


Por toda esta emigración hoxe hai arredor de medio millón de galegos fóra, sobre todo en países de América e Europa, a maioría deles en Arxentina e algúns menos en Venezuela.

Desde 2010 cada ano emigran 20.000 galegos a outras partes de España e arredor de 10.000 ao estranxeiro. Con todo, como hai persoas que retornan e chega xente doutras comunidades, mesmo do estranxeiro, nun número maior dos que marchan de Galicia, o **saldo migratorio é positivo** (14.448 en 2021).

En 2021 vivían en Galicia 114.534 estranxeiros, o que supón arredor dun 4,2 % da poboación total galega, e case a metade procedían de América Latina.



25. A Coruña. En 2021 a súa poboación era de 245.468 habitantes. O concello ten unha densidade de 6.399 hab./km².




FONTE: IGE 2021.

26. ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA POR GRUPOS DE IDADE. GALICIA 2021

APRENDO A MIRAR

- **Pensa.** A que é debido que a densidade de poboación da Coruña teña esa cifra tan elevada?
- **Compara** o gráfico da estrutura demográfica de Galicia co da estrutura demográfica de Europa da páxina 42. Está Galicia por riba ou por debaixo da media de envellecemento demográfico europeo? Como pensas que evolucionará esta situación?



27. DENSIDADE DE POBOACIÓN DE GALICIA

Unha distribución espacial desigual

A densidade de poboación media en Galicia é de 91,1 hab./km², pero a poboación distribúese de maneira moi desigual polo territorio: (27)

- Hai concentración de poboación nas comarcas litorais e nalgúns vales do interior.
- As zonas de interior de Galicia están escasamente poboadas.

Na parte occidental localízanse os espazos de maior dinamismo demográfico: as Rías Baixas, a zona metropolitana da Coruña e a comarca de Santiago. Así, a comarca **máis poboad**a de Galicia é a de Vigo, con 665 hab./km², densidade que contrasta coa dalgunhas comarcas do sector oriental de Galicia, como Os Ancares e a Terra de Trives, con menos de 50 hab./km².

Esta situación é resultado dun proceso de desprazamento paulatino de poboación desde o interior cara á costa e cara aos grandes núcleos urbanos, onde se asentaron as industrias e os servizos.

APRENDO A MIRAR

- Explica onde se concentra a maior parte da poboación galega.
- Di como é a densidade de poboación no teu municipio respecto á media de Galicia.


IDEAS CLAVE

- Identifica as características da poboación galega.
- Explica como se distribúe a poboación de Galicia.
- Describe como é a evolución da migración galega.

PÓÑOME A PROBA

ORGANIZO AS IDEAS


1 **Resume** as ideas. Copia e completa o esquema no caderno.



2 **Compara.** Copia e completa a táboa.

CONSECUENCIAS DAS MIGRACIÓNS	
Nos países emisores	Nos países receptores
...	...

3 **Constrúe** unha liña do tempo coma esta. Anota nos recadros como foi e como será o crecemento demográfico mundial en cada etapa e os factores que o explican.



APLICO OS COÑECEMENTOS

4 **Define** os seguintes termos.

- Esperanza de vida ao nacer
- Saldo migratorio
- Densidade de poboación
- Envellecemento demográfico
- Relevo xeracional




5 **Reflexiona.** Unha persoa pode ser á vez emigrante e inmigrante? Xustifica a resposta.

6 **Calcula** as taxas brutas de natalidade e mortalidade e o crecemento vexetativo de Pontevedra en 2021. Despois, responde.

En 2021, o municipio de Pontevedra contaba con 83.114 habitantes. Ese ano rexistráronse nel 485 nacementos e 804 falecementos.


- Pódese afirmar que a poboación de Pontevedra diminuíu na cantidade de persoas? Por que?

7 Analiza a evolución da estrutura demográfica de Brasil a partir das pirâmides de poboación.



- Que forma presentaba a pirámide demográfica en 1970? Que grupos de idade eran os máis numerosos? Que indicaba?
- Como evolucionou desde aquela?
- Que modelo de transición demográfica cres que corresponde a Brasil, o dun país desenvolvido ou o dun país en desenvolvemento? Explica por que.
- Con que palabra cualificarías a poboación brasileira segundo a previsión para 2050?

8 Observa o gráfico sobre os fluxos migratorios mundiais e responde.



- Cal é o principal destino da emigración europea? A que cres que se debe?
- Que tipo de migracións predominan en África?



9 Valora a que retos se enfrontará a poboación española nos próximos anos.

10 ANTES PENSABA, AGORA PENSO




- Que idea tiñas sobre a poboación mundial antes de estudar esta unidade? Pensas o mesmo agora?
- En que aspectos concretos consideras que te equivocabas?



VALORO A APRENDIZAXE


- ♦ **Selecciona** as dúas características que, na túa opinión, mellor definen a dinámica da poboación mundial.
- ♦ **Volve ler** os conceptos clave do comezo da unidade. Engadirías algún outro? Cal? Por que o consideras importante?
- ♦ **Valora** se che resultaron interesantes os contidos desta unidade. Destacarías algún aspecto neste sentido?
- ♦ **Aplica** á túa vida. A demografía estuda as poboacións humanas. Pareceche que é unha ciencia social necesaria? Por que?

7 Analiza a evolución da estrutura demográfica de Brasil a partir das pirâmides de poboación.



- Que forma presentaba a pirámide demográfica en 1970? Que grupos de idade eran os máis numerosos? Que indicaba?
- Como evolucionou desde aquela?
- Que modelo de transición demográfica cres que corresponde a Brasil, o dun país desenvolvido ou o dun país en desenvolvemento? Explica por que.
- Con que palabra cualificarías a poboación brasileira segundo a previsión para 2050?

8 Observa o gráfico sobre os fluxos migratorios mundiais e responde.



- Cal é o principal destino da emigración europea? A que cres que se debe?
- Que tipo de migracións predominan en África?



9 Valorade a que retos se enfrontará a poboación española nos próximos anos.



ANTES PENSABA, AGORA PENSO

- Que idea tiñas sobre a poboación mundial antes de estudar esta unidade? Pensas o mesmo agora?
- En que aspectos concretos consideras que te equivocabas?



VALORO A APRENDIZAXE

- ◆ **Selecciona** as dúas características que, na túa opinión, mellor definen a dinámica da poboación mundial.
- ◆ **Volve ler** os conceptos clave do comezo da unidade. Engadirías algún outro? Cal? Por que o consideras importante?
- ◆ **Valora** se che resultaron interesantes os contidos desta unidade. Destacarías algún aspecto neste sentido?
- ◆ **Aplica** á túa vida. A demografía estuda as poboacións humanas. Pareceche que é unha ciencia social necesaria? Por que?

O greyny boom, unha oportunidade de negocio?

O envellecemento da poboación é un dos grandes cambios sociais e económicos que se está producindo hoxe a escala mundial. Ningún país desenvolvido pode menosprezar esta imparable realidade, que asusta e ilusiona a partes iguais. A esperanza de vida aumenta desde 1840 a un ritmo de dous anos e medio por cada década. As previsións debuxan sociedades cada vez máis lonxevas, con permiso do cambio climático, as recesións económicas e a ameaza de grandes guerras e novas enfermidades.

Esta lonxevidade presenta desafíos tremendos para os sistemas públicos de saúde e pensións. [...]

Pero, desde hai un lustro non se fala só de colapso e fin do Estado de benestar, senón de *silver economy* ou economía das canas. Algúns especialistas [...] din que facer anos será o maior estímulo para o crecemento do PIB.

Se de algo se falará nos próximos anos será de como crear riqueza con esta xeración que foi bautizada como *madurescentes*, *xerontolescentes*, *vellenials*, *adultescentes* ou *xovellos*. A Comisión Europea incluíu o desenvolvemento da economía das canas como unha das prioridades para as empresas da rexión. «As compañías que teñen un negocio relacionado co envellecemento rexistraron un crecemento medio de ingresos e beneficios que superou o do mercado global», indica. O organismo distingue entre persoas activas, fráxiles e dependentes. Porque a *silver economy* ten dúas caras: unha que ofrece produtos e servizos relacionados co ocio, o entretemento e o envellecemento activo; e outra dirixida a persoas con peor saúde que requiren coidados e atención sociosanitaria.



En calquera dos casos, ábreanse oportunidades de negocio, especialmente en saúde conectada. Pero tamén en benestar, alimentación, seguridade, cultura, turismo, ocio, transporte persoal e autónomo, deporte, moda, cosmética, finanzas e seguros, urbanismo e vivendas intelixentes e domóticas. Incluso no campo da formación continua, «algo que avanzará progresivamente, sobre todo se a lexislación favorece a ampliación da idade laboral e a compatibilidade coa pensión», apunta Pablo Antonio Muñoz, catedrático de Comercialización e Investigación de Mercados na Universidade de Salamanca.

Porque para engancharse a esta revolución sería necesario alongar a vida laboral. Desde este punto de vista, España ten deberes. «A taxa de ocupación dos maiores de 55 anos é do 53 %, das máis baixas dos países desenvolvidos. Isto ocorre por falta de confianza no talento sénior e pola discriminación por motivos de idade», sinala Juan Pablo Riesgo, quen aposta pola xubilación activa (cobrar a pensión e traballar á vez). «Permitirá que millóns de persoas desa idade sigan traballando, aforrando, creando e consumindo. Será posible que nazan novas industrias e emprendedores, moitos deles sénior [...]», engade Iñaki Ortega. De feito, un 18 % de adultos de entre 50 e 64 anos emprenden, fronte ao 11 % dos mozos de 18 a 29.

SANDRA LÓPEZ LETÓN, «*Viejenials*: el gran negocio de disfrutar la vejez», en *El País*, 15 de decembro de 2019 (adaptado)



11 Analiza o texto.

- A que se refire o *greyny boom*?
- Que factores fixeron posible que gocemos dunha vida cada vez máis longa? Cales poden frear esta tendencia?
- Que problemas supón o envellecemento demográfico? Que oportunidades ofrece?

12 Reflexionade e expresade a vosa opinión.

- **FAGO CONEXIÓNS.** Como te ves con 65 anos? Que tipo de vida che gustaría levar a esa idade? Emprenderías un negocio, realizarías algún estudo, colaborarías cunha ONG...?
- **A DEBATE.** Compartides a aposta de Juan Pablo Riesgo por unha xubilación activa? Por que?



Só emigramos por motivos de pobreza?

Á cidade española de Ceuta chegan cada ano entre 2.000 e 2.500 inmigrantes ilegais na busca dun futuro mellor. Esta é a historia de dous mozos, de 19 e 20 anos, que lograron sobrevivir a unha longa e penosa viaxe desde o seu país natal, Guinea, a Ceuta, onde esperaban unha pasaxe cara a unha nova vida, chea de incertezas, en Europa.

Por que? Por que lanzarse ao baleiro, por que abrazar a morte? Vivides en guerra? Non. Pero viven nun lugar sen futuro, un lugar truncado de soños e expectativas onde realizarse e crecer. Ese foi o fin último de dúas historias totalmente diferentes. «Eu tiña unha vida normal, era feliz coa miña familia e estudaba, pero alí non podía continuar, non hai futuro para o meu proxecto (adoita utilizar esta palabra para referirse aos plans de futuro)», asegura Habib.

No caso do seu amigo Alseny, o pasado era algo máis negro. Fillo máis vello dunha viúva e tres irmáns máis novos, traballaba de condutor, «con moitos problemas», e un soldo mensual de 50 euros. [...]

A situación insostible a que se enfrontaban e as noticias doutros tantos que alcanzaran o anhelado destino impulsáronos a saír unha noite dos seus fogares para, quizais, non regresar máis nunca. [...]


Un dos tramos máis perigosos [da viaxe] é o paso por Níxer. No sur sitúase o grupo radical de Boko Haram; no norte, o Estado Islámico; na fronteira con Alxeria, formacións de al-Qaeda; na de Malí súmanse os conflitos dos tuaregs e [...] o tráfico de persoas, de armas ou drogas.

O recordo para poder pasar de Alxeria a Marrocos tampouco foi o mellor. [...] Un dobre valo esténdese ao longo de 1.150 quilómetros. Con 3,5 metros de altura e 5 de lonxitude. Conta con radares, telecámaras e intermitentes patrullas militares que non dubidan en asestar un tiro a calquera que se achegue. [...] «O mar presentábase máis fácil, pero sabía que era traizoeiro e que a morte igualmente podía axexar», confesa Habib. [...]

Dezanove persoas, incluídas tres embarazadas, cinguíanse nunha barca de praia, de xoguete, que horas máis tarde envorcaría nas rochas de Santa Catalina deixando tres soños truncados. «O señor do pasamontañas abandonounos no medio do mar, estaba moi escuro, ía frío, tiñamos medo porque os morenos non saben nadar», conta.

Á fin, a terra soñada presentouse con sabor agri doce: «Teño o corazón dividido. Estou moi feliz de poder estar aquí, pero a morte dos meus compañeiros sempre vai estar comigo».

VICTORIA C. SOLANO, en *El Faro de Ceuta*,
29 de abril de 2018 (adaptado)



19 Analiza.

- Que circunstancias impulsaron a estes dous mozos a emprender unha viaxe tan perigosa? Que sentimentos terían?
- Como clasificarías esta migración?

20 Reflexiona.

- Supón que unha parella de alemáns xubilados decide establecerse en Málaga. Conta como imaxinas a viaxe e o seu estilo de vida en España. Encontras similitudes coa migración de Habib e Alseny? Cres que o motivo de emigrar sería o mesmo? Explica.
- **PONTE NO SEU LUGAR.** Pensaches algunha vez vivir noutro país? Estarías disposto a realizar unha viaxe coma a de Habib e Alseny?



Organizo unha campaña publicitaria sen estereotipos de xénero

Unha campaña publicitaria adoita ter como obxectivo informar sobre un produto para incentivar a súa compra ou para concienciar a poboación dun problema social e provocar un cambio na actitude e no comportamento das persoas.

13 Describide a imaxe da dereita, realizada nunha estación de metro de Nova York.



- Que credes que pretende denunciar o artista con ela? En que elementos da realidade se apoia?
- Que papel xoga a cor? Diríades que, neste contexto, adquire un significado sexista? Explicádeo.
- Parécenos unha boa campaña publicitaria? Xustificade a vosa opinión.

14 Pensade situacións en que se dea a desigualdade de xénero. Por que sucede?



28. Campaña publicitaria sobre a desigualdade no mundo laboral, do artista xaponés Kazunori Shiina.


15 Deseñade unha campaña publicitaria en favor da igualdade de xénero.



- Comezade por decidir o soporte da vosa campaña (cartel, fotografía, vídeo curto...) e elaborade un guión previo.

PENSO CRITICAMENTE

Os tópicos son certos?
Bailan flamenco todos os españois e españolas?



16 INVESTIGA



- Busca e explica o significado de **tópico** e **estereotipo**.
- Pescuda cantas persoas en España bailan flamenco. Pudeches obter o dato?
- Elaborade unha lista con outros estereotipos que teñen moitas persoas estranxeiras sobre as españolas e os españois. Son certos?
- Os tópicos tamén os aplicamos frecuentemente ás persoas que chegan de fóra. Pensade algunhas ideas preconcebidas que se teñen sobre as persoas inmigrantes e facede outra lista.



17 CONTRASTA




- Buscade e visualizade en Internet o vídeo «Desmontando mitos sobre a inmigración» (3 minutos e medio de duración), realizado pola Cruz Vermella. En que datos se basea para afirmar que non son certos os tópicos sobre as persoas inmigrantes? Proceden de fontes fiables?

18 EMITE UN XUÍZO

- Os estereotipos sobre as persoas poden ser unha forma de racismo ou xenofobia? Xustifica a opinión que deas.

Mapa 7 Europa política



Alumno _____

Curso _____ Grupo _____